

MEMORIA DE ACTIVIDADES CORRESPONDENTE AO ANO 2018

Novembro 2018

A presente MEMORIA ten por obxecto dar cumprimento ao establecido na cláusula quinta do CONVENIO de colaboración asinado o 27 marzo do ano 2018 entre a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de actividades do CENTRO DE ESTUDIOS COOPERATIVOS (CECOOP).

-I-

Respecto a estrutura do CECOOP, continúa sendo un Centro de investigación propio da Universidade de Santiago de Compostela que ten a finalidade, entre outras, de promover e desenvolver o coñecemento, a investigación e a difusión das materias vencelladas co cooperativismo e coa Economía Social, establecendo vínculos con outras organizacións e entidades que teñan fins e obxectivos converxentes cos do CECOOP de ámbito galego, nacional e internacional.

Consonte cos seus obxectivos, o CECOOP ten levado ao longo do ano 2018 un conxunto de actividades, esencialmente coincidentes coas especificadas no expoñendo terceiro do CONVENIO, que a efectos da súa sistematización agrúpanse tradicionalmente en tres bloques: actividades de carácter científico e de investigación, actividades de índole eminentemente docente, e actividades de colaboración e de relacións con outras entidades directamente implicadas co cooperativismo e coa economía social.

As actividades previstas na cláusula segunda do CONVENIO asinado, foron realizadas ao largo do curso académico. Dende un punto de vista práctico, intentouse que as actividades programadas se adaptaran o máxime posible as dispoñibilidades de espazos, orzamentos e finalidades do CECOOP. Este obxectivo cumpríuse, como se xustifica nesta memoria, ao executarse o cen por cen das actividades previstas; non obstante, novamente ten que executarse o orzamento no prazo de dous meses por mor de que a USC anuncia a presentación da xustificación do convenio o 26 de novembro de 2018 e a partida orzamentaria habilitouse no mes de setembro.

Na cláusula segunda do referido CONVENIO indicase : *“O Centro de Estudos Cooperativos, para o cumprimento dos seus fins propios, levará a cabo durante o ano 2018 as seguintes actividades en temas cooperativos e de economía social:*

1. *Participación activa en sesións de dirección, de execución e científicas de CIRIEC España, do CIRIEC Internacional e da RED ENUIES.*

2. *Participación, en coordinación co CIRIEC, a Consellería de Economía, Emprego e Industria e outras entidades, na organización de seminarios, xornadas e outras actividades relativas ás cooperativas, ou, en xeral, á economía social.*
3. *Fomento da participación de investigadores do CECOOP en actividades de docencia e formación de investigadores.*
4. *Impulso e coordinación de actividades da Rede Eusumo na Universidade de Santiago de Compostela.*
5. *Mantemento do repositorio accesible a través de internet, de lexislación vixente, xurisprudencia e sentenzas de todas as instancias en materia de cooperativas e economía social, estruturado por temáticas, que se actualizará cunha periodicidade mínima bimensual.*
6. *Realización de traballos preparatorios de cara a elaboración dun libro branco sobre a Economía Social en Galicia, no marco de actuacións análogas que se leven a cabo en diversas CC.AA. sobre a base dunha metodoloxía común que sirva para contrastar resultados.*
7. *Mantenemento dun sistema permanente, cunha periodicidade mínima bimensual, de vixilancia comparativa entre as distintas comunidades autónomas así como os principais países europeos de referencia acerca das novidades normativas que poidan resultar de interese para a súa traslación a Galicia.*
8. *Adquisición de bibliografía especializada.*
9. *Mantemento e actualización da web do CECOOP así como a reposición de material funxible necesario para o cumprimento dos seus fins.*
10. *Cooperación coa Secretaría Xeral de Emprego nos temas de interese conxunto."*

Así mesmo, determinábase na cláusula terceira que "A Consellería de Economía, Emprego e Industria comprométese a facilitarlle ao CECOOP a información necesaria acerca da operativa rexistral, e a prestar a colaboración necesaria para o desenvolvemento das actuacións", e na cuarta que "A Consellería de Economía, Emprego e Industria contribuirá o financiamento das actividades que realice o CECOOP durante o ano 2018, aínda que sexan anteriores á sinatura do convenio, coa cantidade de **DEZAOITO MIL OITOCENTOS EUROS (18.800 €)**, con cargo á partida orzamentaria 09.40.324C.444.1 da Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para 2018."

Foron cumprimentados do xeito seguinte:

1.- Participación activa en sesións de dirección, de execución e científicas de CIRIEC España, do CIRIEC internacional e da RED ENUIES.

- Asistencia ás reunións que foron convocadas para establecer as liñas de actuación do CIRIEC, en canto o CECOOP forma parte da Comisión Executiva e do Consello de Dirección de CIRIEC España.

- Participación do CECOOP nas actividades de coordinación da RED ENUIES a través de colaboracións e de difusión de actividades, pois en canto membro fundador e directivo da mesma, trata de lograr a mellora da difusión da labor científica desenrolada polos institutos e centros de investigación en economía social, así como facilitar a intercooperación entre os mesmos, aproveitando as posibilidades das novas tecnoloxías da información no marco dos programas xerais de promoción á investigación.

2.- Participación, en coordinación co CIRIEC, a Consellería de Economía, Emprego e Industria e outras entidades, na organización de seminarios, xornadas e outras actividades relativas ás cooperativas, ou, en xeral, á economía social.

2.1.- Presentación do Foro pola Economía Social Galega na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela, o 9 de maio de 2018.

Nesta Xuntanza, dirixida ao estudantado e o profesorado da USC, presentouse o Foro pola Economía Social de Galicia, así como as entidades que o compoñen. No acto participaron o Sr. Reitor da Universidade de Santiago de Compostela, a Decana da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, a Directora do Centro de Estudos Cooperativos de Galicia (CECOOP), o Presidente do Foro pola Economía Social Galega e a Secretaria Xeral de Emprego da Xunta de Galicia.

O acto consistiu na presentación, a través de varios vídeos, da actividade desenrolada polas diferentes familias que compoñen a Economía Social. Ademais, repartíronse folletos informativos que recolleron, de forma sintética, ditas actividades, tal e como se reproduce a continuación:



O Foro da Economía Social Galega, presentouse o 13 de marzo de 2018 en Santiago de Compostela. Está constituída pola Unión de Cooperativas de Galicia (EspazoCoop), a Asociación de Cooperativas Agroalimentarias (Agaca), a Asociación Galega de Centros Especiais de Emprego (Cegasal), a Agrupación de Sociedades Laborais de Galicia (Aesgal) e a Asociación de Empresas de Inserción de Galicia (Aeiga). Estas entidades representan a 371 organizacións, cun volume de ingresos de 1.616,5 millóns de euros anuais e 9.276 empregos directos.

Dar visibilidade á economía social ante a sociedade e os principais axentes económicos, representando os seus intereses ante as diferentes institucións políticas, económicas e sociais, e xerando as condicións adecuadas para o



desenvolvemento das súas entidades a través da intercooperación e o acceso aos procesos de contratación públicos, son os principais obxectivos do Foro pola Economía Social Galega.



Entidade multisectorial de carácter empresarial, configurada como asociación sen ánimo de lucro, de ámbito galego, integrada por cooperativas de distintas clases, inspirada nos principios cooperativos e os seus valores e que ten como obxectivo, agrupar, representar, impulsar, fomentar a intercooperación e defender os intereses das súas cooperativas socias e das persoas que as constitúen, así como a divulgación, fomento e consolidación do cooperativismo, como ferramenta de desenvolvemento socioeconómico, no marco da economía social e solidaria.

Agaca nace en 1988 como unha entidade sen ánimo de lucro, de carácter non governamental. Once cooperativas agrarias galegas unen esforzos coa finalidade de crear unha organización capaz de representar e defender os intereses e necesidades das múltiples cooperativas agrarias e gandeiras da Comunidade Autónoma. Cumpre así coa misión de fomentar e promover o cooperativismo con vontade social de apoio e cooperación; como un instrumento ao servizo das cooperativas asociadas dende o cal se intentan aproveitar todas as sinerxias e se constitúen foros de debate en prol dunha procura permanente de puntos en común.



CEGASAL é a asociación empresarial galega de carácter multisectorial que aposta por facilitar a inserción laboral de persoas con discapacidade, a través do traballo que se realiza nos centros especiais de emprego de iniciativa social (CEEIS), e coas propias persoas traballadoras.



Creada no ano 1997 e cun crecemento responsable e sostible, compartimos as inxerencias dos asociados e ás necesidades do colectivo fronte á realidade que viven, xerando no noso día a día a necesidade de actualizar a organización e as actividades e servizos prestados.

Manteñen como funcións principais: a negociación colectiva no sector, o diálogo social, a participación institucional, a xestión económica ou a promoción empresarial

É a entidade que defende e representa os intereses das sociedades laborais galegas, que son aquelas sociedades mercantís nas que la maioría do capital é propiedade dos traballadores que prestan nela servizos de forma retribuída,



Centro de Estudos Cooperativos



persoal e directa y cunha relación laboral por tempo indefinido. Pretenden chegar á sociedade en xeral unha forma de facer empresa en colectivo, respectuosa coas persoas e coa contorna, comprometida co seu futuro e o das persoas que traballan nela. Representan un modo máis social e humano de entender a economía, a xestión e o progreso, e xeran unha cultura de participación, corresponsabilidade e risco compartido.



AEIGA é unha asociación empresarial, representante da patronal que axunta ás empresas de Inserción laboral de Galicia. É, ademais, unha entidade social sen ánimo de lucro que está a traballar activamente no ámbito da inclusión sociolaboral dos colectivos denominados en risco de exclusión social. O seu obxectivo é impulsar o coñecemento e difusión das Empresas de Inserción Laboral e a creación de novas empresas deste ámbito como modo de loita contra a exclusión social, e como ferramenta de inserción laboral das persoas en situación ou risco de exclusión social-

ORGANIZAN:



FACULTADE DE
CIENCIAS
ECONÓMICAS E
EMPRESARIAIS



PATROCINA:



O Centro de Estudos Cooperativos (CECOOP), aprobado polo Consello de Dirección da USC con data do 16 de abril de 2002, foi creado pola Universidade de Santiago de Compostela e a Xunta de Galicia, por medio da Dirección Xeral de Relacións Laborais, como Centro Universitario de carácter mixto dedicado á investigación, formación e estudo do cooperativismo nas súas dimensións económica e xurídica, nos ámbitos galego, español, europeo e internacional.

2.2.- Sinatura do convenio de colaboración USC (CECOOP)-Espazocoop.

Procedeuse á sinatura dun convenio de colaboración entre a USC (a través do CECOOP) e a unión de cooperativas *EspazoCoop*, que ten o propósito de realizar actividades e proxectos de forma conxunta en asuntos que resulten de interese para ambas organizacións, entre as que estarían: desenrolar proxectos de investigación; xerar actividades como cursos, conferencias, simposios ou seminarios; prestar apoio a investigadores/es e estudantes; intercambiar materiais académicos; colaborar en proxectos culturais de interese común; e cantas outras sexan consideradas de interese mutuo.

O Convenio foi asinado polo reitor da USC (D. Antonio López) e o polo presidente de *EspazoCoop* (D. Celso Gándara), asistindo polo CECOOP o seu presidente científico, D. Manuel Botana, e a súa directora, Dna. Maite Cancelo.

Achégase unha copia do referido Convenio ca presente memoria.

3. Fomento da participación de investigadores do CECOOP en actividades de docencia e formación de investigadores.

3.1.- I Encontro Universidade Economía Social.

O día 8 de novembro de 2018, celebrouse na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela o I Encontro Universidade-Economía Social.

Este evento concibiuse como un espazo de intercambio entre a academia e a economía social de Galicia, un lugar onde o Persoal Docente e Investigador (PDI) do sistema universitario galego e as persoas e entidades que forman parte da economía social en Galicia puideran compartir experiencias e inquiredanzas.

O Foro UES (Universidade/Economía Social) pretende sentar as bases dunha colaboración estable entre a academia e a economía social de Galicia, e este encontro é o primeiro paso de cara á configuración dun proceso participativo de posta en común de experiencias, inquiredanzas e perspectivas por parte dos

membros da comunidade universitaria e das entidades que forman parte da economía social en Galicia, unidas polo interese común do pulo a este sector.

O Foro naceu por iniciativa do CECOOP e da Rede Eusumo, pero con vocación de transcendencia cara a sociedade civil. Neste contexto, o obxectivo prioritario do foro é a posta a disposición da Universidade de todos os interesados na economía social, para colaborar na visualización e mellora da competitividade dun sector que ten probada a súa valía para a xeración de riqueza no noso país, traballando ao mesmo tempo para que ningunha persoa quede atrás.

Nese encontro intentouse vertebrar, cunha óptica multidisciplinar e transformadora, dúas realidades –teoría e práctica- que traballan paralelas pero non sempre coordinadas, co fin de establecer obxectivos conxuntos a partir dunha identificación tamén conxunta de retos e necesidades que poidan ser abordadas de xeito cooperativo, así como dar a coñecer ou deseñar ferramentas facilitadoras de transferencia de coñecementos entre a academia e a economía social.

Os retos abordados no encontro foron os seguintes:

- A identificación de necesidades e expectativas que as entidades de ES poidan demandar da Universidade
- A mellora da atracción e participación da comunidade universitaria na ES.
- A creación de ferramentas útiles de colaboración entre a Universidade e a ES.

O programa de traballo seguido foi o seguinte:

9:30 Recepción de participantes

10:00 Benvida

- Presidente do comité científico do CECOOP, D. Manuel Botana Agra
- Secretaria Xeral de Emprego, D. Covadonga Toca Carús.

10:15 Liñas activas de investigación.

Modera: Maite Cancelo, Directora do CECOOP, quen realizou unha breve introdución na que indicou os traballos realizados polo Centro nos últimos tempo, así como algunhas liñas de actividade ou novidades.

- María José Cabaleiro Casal. Profesora e investigadora en cooperativismo da UVigo. Membro da Asociación de Estudos Cooperativos. Finalmente escusou a súa asistencia.

- José Antonio Montero Vilar. Profesor e investigador na USC. Avogado en exercicio.
- Telmo Otero Rodríguez. Premio *Jesús García Calvo* en investigación en Desenvolvemento Rural e Cooperativismo (2018).
- Ana Olveira Blanco. Doutoranda de Organización de Empresas e Comercialización (USC).

11:30 Café

12:00 Recursos universitarios ao servizo da Economía Social

Moderador: Celso Gándara, portavoz do Foro pola Economía Social de Galicia.

- Os TFG, TFM, teses de doutoramento e proxectos de investigación. María Bastida Domínguez.
- Proxectos de innovación en Aprendizaxe-Servizo (ApS). Loreto Fernández Fernández.

12:45 Necesidades das entidades da ES.

Moderador: Alba Paz, Subdirectora de Economía Xeral

- AEIGA
- AESGAL
- AGACA
- CEGASAL
- Espazocoop

14:00 Comida

3.2.- Dirección de Traballos de Fin de Grao

Recóllese neste apartado a oferta de Traballos de Fin de Grao na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e na Facultade de Relacións Laborais, relacionados co estudo do cooperativismo, outras fórmulas de Economía Social ou co propio funcionamento da Rede Eusumo:

- "*Evolución do Cooperativismo en Galicia*". Titoras: Emilia Vázquez Rozas e Maite Cancelo.
- "*Dereito de Cooperativas I*". Titor: Rafael Millán.
- "*Dereito de Cooperativas II*". Titor: Rafael Millán.
- "*Dereito de Cooperativas III*". Titor: José Antonio Montero.
- "*Dereito de Cooperativas I*". Titor: José Antonio Montero.
- "*Fiscalidade empresarial. Réxime fiscal das cooperativas*". Titores: Xosé Duro e Miguel Anxel Vázquez Tain.

- *“Análise da eficacia da Rede Eusumo de fomento da Economía Social en Galicia”*. Titora: María Bastida.

- *“Aira S. Coop. Galega. Un exemplo de fusión no cooperativismo galego”*. Titora: María Bastida.

3.3.- Participación de investigadores do CECOOP en Congresos:

- Diversos investigadores do CECOOP participaron no **XVII Congreso de Investigadores en Economía Social de CIRIEC-España**, celebrado en Toledo os días 4 e 5 de outubro.

As comunicacións presentadas por investigadores do CECOOP foron as seguintes:

- *“CLUN: Un caso de concentración en el cooperativismo agrario en Galicia”*. Ana Olveira Blanco, María Bastida Domínguez y Maite Cancelo Márquez.
- *“El proceso de constitución mediante fusión en el Reglamento (CE) nº 1435/2003, de 22 de Julio”*. Carmen José López Rodríguez.
- *“Procesos de fusión, contratación pública y cláusulas sociales: novedades de la Ley 9/2017 de contratos del sector público”*. José Antonio Montero Vilar y Cristina Pedrosa Leis.
- *“Red Eusumo: una herramienta para el fomento y consolidación del Cooperativismo y la economía social gallega”*. Ana Olveira Blanco y María Bastida Domínguez.
- *“Procesos de integración de sociedades cooperativas agrarias: fusiones y cooperativas de segundo grado, articulación, finalidades, comparación con otras sociedades mercantiles y resultados”*. Adrián Pazos Sierra.
- *“Fusiones y otras formas de optimización en cooperativas”*. Martín Esparís Figueira y Patricia Santos Díaz.

Así mesmo, o taller temático número 17 do Congreso de CIRIEC-España (*Procesos de fusión en cooperativas agrarias*) estivo coordinado pola directora do CECOOP, Maite Cancelo. No referido taller tratáronse temas como o análise da situación actual en España e as súas CC.AA. en relación ao sector cooperativo agrario e ás fusións entre cooperativas agrarias como figura xurídica que permite o seu redimensionamento, unha mellora na xeración de valor, unha ganancia en competitividade e unha maior posición negociadora na cadea agroalimentaria; as iniciativas de fusión xa realizadas ou en curso, a fin de permitir o ría; e os problemas que se producen nos procesos de fusión e as súas solucións.

- Presentouse a seguinte comunicación no **II Congreso Euroamericano de Dereito e Política** organizado pola Universidade de Vigo en Ourense colaboración coa Universidade Federal Flumiense, e celebrado os días 17,18 e 19 de abril de 2018: "*Cooperación entre territorios: la cooperativa europea como fórmula de Cooperación Transfronteriza*". Carmen José López Rodríguez.

3.4.- Publicación de monografías.

Procedeuse á publicación polo CECOOP dun libro titulado "*EUSUMO: Axuda pública, pública axuda*".

4.- **Impulso e coordinación de actividades da Rede Eusumo na Universidade de Santiago de Compostela.**

O CECOOP e a Rede Eusumo achegaron a Economía social á facultade de Ciencias Económicas e empresariais da Universidade de Santiago de Compostela a través da actividade "*Coñeces a economía social? Xogo de creación de empresas. #ASOLUCIÓNCOOPERATIVA!*", celebrada o día 27 de novembro de 2018.

Consistiu na posta en marcha de diversas actividades deseñadas para dar a coñecer ao alumnado da Universidade de Santiago de Compostela algunhas das diferentes familias que forman a economía social galega, e contouse cun espazo no que, a través de diferentes expositores, se presentaron tanto as diferentes familias da Economía Social como a propia Red Eusumo.

Dentro das actividades deseñadas pretendeuse dar a coñecer as vantaxes e particularidades da fórmula cooperativa como modelo empresarial mais axeitado para emprender nos modelos actuais, traballando os aspectos clave da creación dunha empresa, dende a maduración da idea de negocio ata a súa presentación en público, mellorando así as habilidades dos asistentes como emprendedores.

O programa da actividade foi o seguinte:

10:00 h.- Recepción e presentación da Rede Eusumo e dos recursos que ten a disposición dos proxectos cooperativos.

10:30 h.- Presentación do xogo de empresa e do caso práctico de empresa cooperativa a crear.

11:00 h.- Realización do caso por parte dos asistentes agrupados en grupos de traballo, titorizados polo equipo docente do seminario.

12:00 h.- Pausa

12:20h.- Presentación práctica a cargo dos docentes dos aspectos clave para comunicar proxectos e captar financiamento para os mesmos.

13:00 h.- Presentación por parte dos grupos dos seus proxectos empresariais: “*elevator pitch*”.

13:40 h.- Avaliación das presentacións e conclusións.

14:00 h.- Peche do xogo.

5.- Mantemento do repositorio accesible a través de internet, de lexislación vixente, xurisprudencia e sentenzas de todas as instancias en materia de cooperativas e economía social, estruturado por temáticas, que se actualizará cunha periodicidade mínima mensual.

Entre as actividades realizadas neste ano 2018, está o mantemento do repositorio accesible a través de internet, de lexislación vixente, xurisprudencia e sentenzas de todas as instancias en materia de cooperativas e economía social, estruturado por temáticas, que está incluído na Páxina web da Universidade de Santiago de Compostela e que pode consultarse na web: www.usc.es/cecoop.

6.- Realización de traballos preparatorios de cara á elaboración dun libro branco sobre a Economía Social en Galicia, no marco de actuacións análogas que se leven a cabo en diversas CC.AA. sobre a base dunha metodoloxía común que sirva para contrastar resultados.

Durante o ano 2018, celebráronse diversas reunións en Valencia para a realización de traballos preparatorios do Libro Branco/Informe da Economía Social Galega.

Neste sentido, levouse a cabo unha primeira recollida de datos, nomeouse ó equipo redactor e organizáronse os traballos.

7.- Mantemento dun sistema permanente, cunha periodicidade mínima bimensual, de vixilancia comparativa entre as distintas comunidades autónomas así como os principais países europeos de referencia acerca das novidades normativas que poidan resultar de interese para a súa traslación a Galicia.

Entre as actividades realizadas neste ano 2018, está o mantemento deste sistema de vixilancia comparativa das comunidades autónomas e dos principais países europeos. Ditos textos son obxectos de

remisión primeiro para su interés no libro branco e pra xestión pola propia Xunta. Neste ano, fíxose un especial seguimento das novidades legislativas que en materia de cooperativas se presentaron noutras comunidades autónomas.

Así, en Castela-A Mancha, destaca a aprobación da *Ley 4/2017, de 30 de novembro, de Microempresas Cooperativas y Cooperativas Rurales de Castilla-La Mancha y por la que se modifica la Ley 11/2010, de 4 de novembro, de Cooperativas de Castilla-La Mancha*, que entrou en vigor o 31 de decembro do 2017. Recolle por primeira vez a institución da cooperativa rural.

No ámbito da Comunidade Autónoma de Andalucía, aprobouse a *Ley 5/2018, de 19 de junio, por la que se modifica la Ley 14/2011, de 23 de diciembre, de Sociedades Cooperativas Andaluzas*, que entrou en vigor o día 2 de xullo de 2018. Reduce de tres a dous o número de socios mínimos para constituír unha cooperativa e incorpora un réxime sancionador para as cooperativas de crédito.

En Castela e León, aprobouse a *Ley 2/2018, de 18 de junio, por la que se modifica la Ley 4/2002, de 11 de abril, de Cooperativas de la Comunidad de Castilla y León*, que entrou en vigor o 15 de xullo de 2018. Entre os aspectos que se modificaron, destaca a introdución dunha nova categoría de socio, o “socio de servizos”, con un valor añadido sobre o “socio colaborador”.

No que respecta á Comunidade de Extremadura, aprobouse o pasado día 25 de setembro de 2018 polo Pleno da Asamblea a *Ley 9/2018, de 30 de octubre, de sociedades cooperativas de Extremadura*, que substituíra á lei anterior de 1998, e co coa que se pretende, entre outras cousas, que as cooperativas poidan competir en condicións de igualdade sen perder o seu carácter diferenciado. Entrará en vigor o próximo 2 de xaneiro de 2019.

Por outra banda, tanto na comunidade autónoma do Pais Vasco como na de Canarias, estase a espera da remisión ao Consello de Goberno do anteproxecto de Lei de Cooperativas para a súa aprobación; e no que respecta á comunidade de Aragón, o Consello de Goberno aprobou, o pasado 20 de novembro de 2018, o Proxecto de Lei de Economía Social de Aragón, atopándose en proxecto de elaboración, igualmente, o Regulamento de Organización e funcionamento do Rexistro de Cooperativas de Aragón.

No que respecta, por outro lado, ao ámbito estatal, destaca o acordo da Comisión de Traballo, Migracións e Seguridade Social do Senado, adoptado en resposta á moción de censura presentada polo Grupo UNIDOS PODEMOS-EN COMÚ PODEM-EN MAREA, na que se instaba ao Goberno a reverter a situación de precariedade dos traballadores que, dende o seu vínculo formal con cooperativas de traballo asociado, prestan servizos nas empresas das industrias cárnicas e matadoiros de aves y coellos. Nese acordo, publicado

o pasado día 5 de novembro de 2018 no Boletín das Cortes Xerais do Senado, a citada Comisión insta ao Goberno a estudar o desenvolvemento das reformas legislativas necesarias, incluídas as referidas á Seguridade Social, froito dos acordos e medidas que poidan adoptarse no marco do Diálogo Social para previr o uso fraudulento das sociedades cooperativas, así como para reforzar os dereitos laborais dos socios e traballadoras das cooperativas de traballo asociado e dos traballadores e traballadoras das empresas multiservizos que prestan servizos nas empresas das industrias cárnicas e matadoiros de aves e coellos.

9.- Adquisición de bibliografía especializada.

Na actualidade, as referencias bibliográficas que segue a costear o CECOOP con cargo á partida orzamentaria concréntanse na subscrición anual da revista "*NON PROFIT AND VOLUNTARY SECTOR QUARTERLY*" de SAGE PUBLICATIONS L, e na publicación da *REVISTA XURÍDICA DE ECONOMÍA SOCIAL E COOPERATIVA Nº 31 CIRIEC-ESPAÑA*.

10.- Mantemento e actualización da web do CECOOP así como a reposición de material funxible necesario para o cumprimento dos seus fins.

Neste apartado figura o abono do *webmaster* - a USC non se fai cargo da páxina web do CECOOP, aínda que se sitúe enlazada na páxina web oficial da Universidade -, e de mantemento e consumibles dos ordenadores, impresoras e cables de conexión para compatibilizar os ordenadores coas instalacións da facultade de CCEE e de Dereito. Inclúense tamén os gastos de actualización de software e mantemento de equipos utilizados polos investigadores do CECOOP.

A páxina web recolle as publicacións do CECOOP, así como os relatorios de interese elaborados por investigadores do CECOOP ou por participantes en mesas, seminarios ou xornadas celebradas con arranxo aos convenios de colaboración.

Así mesmo, neste ano procedeuse a renovar a páxina web do CECOOP.

11.- Cooperación coa Secretaría Xeral de Emprego nos temas de interese conxunto.

Ao longo deste ano 2018, o CECOOP, no marco do Convenio asinado pola Universidade de Santiago de Compostela, estivo a disposición permanente da Secretaría Xeral de Emprego, a fin de colaborar plenamente co citado órgano en todos aqueles temas que puideran resultar de interese para ambas entidades especialmente en temas da operativa rexistral.

Neste sentido, cabe destacar a labor de asesoramento técnico realizada polo CECOOP en todas as materias vencelladas co cooperativismo e coa Economía Social, así como a resolución de consultas e comunicacións sobre temas de interese para o Centro e para a Secretaría Xeral, entre os que pode destacarse o relativo ao rexistro de cooperativas.

Outras actividades.

I.- Reunións de traballo para a posta en marcha dun curso de especialista en Economía Social.

Celebráronse diversas reunións de traballo no seo do CECOOP, dirixidas á posta en marcha dun curso de especialista en Economía Social.

II.- Reunión coa delegación de visitantes coreanos investigadores en temas de cooperativismo.

No mes de setembro de 2018, tivo lugar unha reunión coa delegación de visitantes coreanos, investigadores en temas de cooperativismo, acompañados por Miguel Yasuyuki Hirota, doutor pola Universidade de Valencia e investigador do CIRIEC.

Nesta reunión, intercambiáronse distintas experiencias entre as lexislacións dos dous países, establecéndose futuras fórmulas de cooperación.



O secretario